



1 Definición do nivel

Este curso ten como finalidade proporcionar ao alumnado estratexias para poder comunicarse con outros usuarios oralmente, tanto en conversas como en presentacións, de xeito adecuado ao nivel B2 do *Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas*.

O alumnado que acade o nivel B2 será quen de comunicarse con certa fluidez e naturalidade en situación tanto habituais como específicas, sen erros importantes e cunha pronuncia clara. Poderá producir textos claros e detallados sobre temas xerais diversos, podendo corrirse e resolver ambigüidades sen dificultade. Asemade, será quen de adaptar o rexistro en diferentes situacións comunicativas, comprenderá e producirá textos orais de certa complexidade e será capaz de defender o seu punto de vista, argumentalo e distinguir as ideas principais da conversa.

O alumnado que acade este nivel estará en disposición dun coñecemento da lingua suficiente para matizar e argumentar, posuirá un amplo repertorio de estruturas morfosintácticas e dun léxico o suficientemente rico para expresarse en distintas situacións cotiás.

2 Duración e temporalización

Durante o curso académico 2023-24, este curso impartirase en dúas quendas:
do 11/12 setembro ao 8/9 de xaneiro e do 22/23 de xaneiro ao 20/21 de maio, cunha duración total de 60 horas repartidas en 30 sesións de 2 horas presenciais semanais

Quenda de mañá	luns e mércores de 11:00 a 13:00
Quenda de tarde	luns e mércores de 17:30 a 19:00
	martes e xoves de 17:30 a 19:00

3 Obxectivos xerais

- Mellorar a competencia no uso das estratexias de comunicación oral.
- Diferenciar entre os ámbitos persoal, público e profesional e ser capaz de aplicar habilidades comunicativas adecuada a cada un deles.
- Expresar puntos de vista con claridade, sopesando vantaxes e desvantaxes no contexto da presentación formal.
- Manter a coherencia e a cohesión no discurso formal
- Participar en conversas informais, mantendo unha actitude de escoita activa, facendo un uso axeitado da quenda de palabra, e utilizando un amplo recurso de estratexias que fagan a conversa fluída e natural.

- Saber adaptar o rexistro ao interlocutor, empregando distintos niveis de formalidade e adaptando o vocabulario, entoación e estruturas gramaticais ao mesmo.
- Familiarizarse coa entoación e o ritmo da lingua inglesa.
- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas oralmente en situacións tanto habituais como máis específicas ou de certa complexidade nos ámbitos persoal, público, académico e profesional.

4 Obxectivos específicos

Monólogo sostido:

- Dar descrições detalladas sobre unha ampla variedade de temas.
- Desenvolver unha tese ou argumento con coherencia, subliñando os puntos principais e apoiándose en detalles e exemplos relevantes.
- Dar o punto de vista facilitando vantaxes e desvantaxes de varias opcións.
- Planificar o que vai dicir e como dicilo, tendo en conta o efecto que vai causar no oínte.

Interacción:

- Reaccionar con espontaneidade.
- Manifestar diferentes estados emocionais e subliñar feitos e experiencias de especial significado.
- Expresar ideas e opinións con precisión, presentando liñas argumentais convincentes.
- Transmitir información con fidelidade, describindo con detalle como levar a cabo un proceso.
- Responder a preguntas e aclaracións propostas polo oínte, sobre un tema concreto anteriormente coñecido por ambas persoas interlocutoras, denotando fluidez e facilidade de palabra.
- Iniciar unha conversa, respectar as quendas de palabra e rematar a conversa de forma natural; soste unha conversa sobre temas coñecidos, confirmando a súa comprensión, pedindo confirmación, convidando a outros a falar, etc.

Riqueza:

- Consolidar e ampliar vocabulario de uso frecuente e sobre temas coñecidos.
- Usar circunlocucións e paráfrases para reparar os problemas de falta de vocabulario e estruturas.

Fluidez e control fonolóxico:

- Producir un discurso espontáneo e cunha fluidez relativamente homoxénea.
- Pronunciar de xeito claro e cun ritmo e entoación naturais.
- Usar a entoación e énfase adecuadamente.

Adecuación sociolingüística e flexibilidade:

- Expresarse con claridade e con educación, utilizando trazos de rexistro formal ou informal acorde á situación e/ou á persoa.
- Axustar o contido e a forma de expresión á situación, ao tema e ao interlocutor, adaptando o grao de formalidade ás circunstancias.
- Facilitar a comprensión, aclarando dúbidas cando se denota falta de comprensión por parte das persoas interlocutoras e preguntando ou pedindo repetición cando non entende.

5 Contidos

O curso abranguerá temáticas nos eidos da personalidade, traballo, saúde, tempo libre e lecer, medio ambiente, tecnoloxía e ciencia, economía e medios de comunicación. Poderase completar con outros temas xerais de interese do alumnado deste curso.

6 Metodoloxía e recursos didácticos

Obviamente, o enfoque deste curso será eminentemente comunicativo e práctico co fin de fomentar a interactividade e creatividade do alumnado.

En todas as sesións serán propostas actividades e estratexias de interacción oral, e empregaranse materiais audiovisuais ou textos escritos, ben como modelo ou como fonte para poder elaborar unha conversa ou debate a partir dos mesmos. Prestarase atención especial á mellora da entoación e a pronunciación. Asemade, favorecerase a fluidez, ampliación do vocabulario e a corrección léxico-gramatical. Tamén se poderán practicar tarefas de mediación oral. Ademais, o alumnado terá a posibilidade de preparar breves presentacións sobre temas relacionados cos contidos do curso, participar en *podcast* ou outras tarefas orais.

Introduciranse xogos (*gamification*) para fomentar a colaboración entre o alumnado.

Os materiais empregados neste curso serán creados ou adaptados polo profesorado e cumpriran os requisitos legais vixentes no que atinxe aos dereitos de autoría. O profesorado facilitará estes materiais.

7 Atención á diversidade

Garantirase a axuda personalizada para aquel alumnado que precise atención titorial específica ou adaptación de materiais ou tempo de preparación e/ou realización das actividades.

8 Avaliación

Ao principio do obradoiro realizarase unha avaliación de diagnóstico (*needs analysis*) na que se detecte o nivel inicial de cada alumno/a.

Neste curso non haberá un exame formal. Observarase o progreso a través dun proceso de avaliación continua na propia aula. O alumnado recibirá un certificado de asistencia e aproveitamento ao remate do curso sempre que cumpra as seguintes condicións:

- 80% de asistencia ás aulas
- Participación activa
- Entrega ou presentación de tarefas, se for o caso.